

## Memoria xustificativa

### 1. Título da norma

Convenio entre a Xunta de Galicia, a través da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional, e a Fundación MOP – the MOP Foundation para a colaboración educativa nas ensinanzas artísticas profesionais de artes plásticas e deseño.

### 2. Antecedentes

O artigo 45 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, establece que as ensinanzas artísticas terán como finalidade proporcionar ao alumnado unha formación artística de calidade e garantir a cualificación dos/das futuros/as profesionais das artes plásticas e do deseño, entre outras ensinanzas artísticas. O artigo 7.1 do Decreto 92/2015, do 11 de xuño, polo que se establece o currículo do ciclo formativo de grao superior correspondente ao título de técnico superior de Artes Plásticas e Deseño en Fotografía (DOG Núm. 125 do luns 6 de xullo), indica que a persoa que obtén o título de técnico superior de Artes Plásticas e Deseño en Fotografía pode exercer a súa profesión nos sectores produtivos no ámbito público ou privado, en empresas do sector da comunicación, axencias de publicidade, estudos de deseño, de moda, prensa, editoriais, TV, en empresas e institucións doutros sectores que así o requiran, en museos e empresas de restauración de obras de arte, arqueoloxía, laboratorios forenses, investigación policial, medicina legal, peritación, etc. Así mesmo, o artigo 7.2 d) do antedito decreto indica que a persoa que obtén o título de técnico superior de Artes Plásticas e Deseño en Fotografía é un/unha profesional cualificado/a para desenvolver, entre outros, o posto de traballo e ocupación de: "Fotógrafo/a de moda. Encargos de deseñadores/as, fabricantes, distribuidores/as e revistas de moda".

### 3. Razóns de oportunidade

A Fundación MOP é unha entidade sen ánimo de lucro que ten por obxecto o fomento e a difusión da cultura, as artes e as letras en calquera de súas manifestacións, con especial atención ás artes audiovisuais e a fotografía

Estímase fundamental a adecuación da formación dos/as fotógrafos/as ao grao de excelencia académica que esixe nas ensinanzas artísticas profesionais, e o recoñecemento e posta en valor dos méritos artísticos e académicos baseados no esforzo e no traballo do alumnado. Estes obxectivos requiren dunha activa participación e corresponsabilización de todos os axentes sociais implicados, como procedemento clave para a actualización e capacitación técnico-artística dos/das estudantes de fotografía, o que fai preciso a colaboración dos asinantes deste acordo, que permitirá afianzar o proceso de ensino-



aprendizaxe nas ensinanzas artísticas profesionais de artes plásticas e deseño das escolas de arte e superiores de deseño da Comunidade Autónoma de Galicia.

#### 4. Obxectivos perseguidos

O obxecto do presente convenio é establecer as bases de colaboración entre a Fundación MOP e a Xunta de Galicia, a través da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional , para a realización de estadías no estranxeiro por parte de fotógrafos/as formados/as en Galicia que veñan de rematar os estudos profesionais de artes plásticas e deseño nas escolas de arte e superiores de deseño da Comunidade Autónoma de Galicia.

#### 5. Carga económica

Os compromisos acadados pola Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional coa aplicación do presente convenio non supoñen incremento dos orzamentos desta Consellería.

Santiago de Compostela, na data da sinatura dixital

A directora xeral de Formación Profesional

María Eugenia Pérez Fernández

